

NARRADORES

1.

MIGUEL

Século XXL

Galicia é o único país do planeta onde os niveis de clonación alcanzan a perfección máis alá do clon número 200 da mesma persoa, feito este que a convirte nuha potencia mundial.

CLONTINENTE, a empresa creada polo Eterno anexionou a Xunta de Galicia, da que só se conserva o nome e as subvencións.

PUBLICIDADE GRAVADA

“¿Cantas veces non soñaches con poder volver atrás no tempo? Agora podes facelo. CLONTINENTE, o parque temático que te transportará a onde sempre quixeches ir, sen moverte do sitio. Fala con Castelao. Cántalle unha trola a Cunqueiro. Insulta a Camilo José Cela ou pregúntalle a Rosalía *oes, exactamente, ¿a quen lle venderon os bois?* CLONTINENTE resucita para ti os mitos, os heroes, os músicos. CLONTINENTE: ¡Pucho Boedo vive! En San domingos de Bonaval. Ofertas especiais para grupos.

PATRICIA

A clonación é un dereito exclusivo das clases acomodadas. Debido a esto a clonación non autorizada é ilegal.

Aínda así existe unha poboación de clons ilegais cada vez máis crecente. A súa persecución é implacable e lévase a cabo por medio dos Proper, caste de funcionarios creados por Clontinente para este efecto.

Resumindo. En Galicia hai tres grandes clases sociais:

Os Clons

Os funcionarios de Clontinente

Os que faenan nos caladoiros do Espacio Exterior

O resto son inmigrantes naturais e clons ilegais.

O Índice Deza da bolsa de Muxía é o referente económico mundial debido, sobre todo, á incidencia que a industria da clonación tén sobre o resto do planeta.

Toda esta industria creceu arredor dos experimentos realizados na figura do Eterno Presidente, seguindo a liña de investigación reproductiva aberta pola borrega Dolly, e gracias a esto, o Eterno goberna o país desde o século XX.

Radio Universo é a emisora gubernamental que emite para toda a galaxia

AUDIO GRAVADO

Sinais horarios.

Mari Castaña

¡Arriba! Son as tantas da mañá e hai que ir poñéndose a tiro.

Supercarballo

Avistada unha nube tóxica sobre as Pontes de García Rodríguez.

Mari Castaña

Algúns chuvascos ácidos sobre a comarca de Lugo.

Supercarballo

Pero o sol reloce no ceo e fai un bonito día para ir tomar o aire sen máscara de gas.

Mari Castaña

Isto é Radio Universo

Supero Carballo

A emisora galega no espacio exterior.

OS DOUS

Saúde orgánica pangalaicos..

NARRADORES

MANOLO

Todo comezou mentres se resolvían os últimos casos da enfermidade do moco de pavo iniciada nas granxas de Cloren, e comezaba a tomar forma un novo perigo: a morriña.

O que ata ese momento era un sentimento inocuo que se daba só nos galegos desprazados, comezou a manifestarse como unha perigosa enfermidade que atacaba fatalmente aos galegos, dentro da súa propia terra. Pouco a pouco esta doenza comezou a ser considerada polo pobo coma un andazo.

AUDIO GRAVADO

Sinais horarios.

Mari Castaña

¡Arriba! Son as tantas da mañá e hai que ir poñéndose a tiro.

Minuto 56 Noticias por anticipado

Hixiene mental

Escoitemos a palabras da Conselleira de Gandeiría e Saúde Mental: *“Andazo, andazo... é unha suma numerosa de casos. Nada máis. Un andazo é unha cousa e unha suma de casos, por moi numerosa que esta sexa, é outra totalmente distinta. E logo está que as orquestras de pachanga xa non enchen o corazón dos galegos”*.

Nacional

A consellería de Economía e Fodienda ameaza co peche do puticlón das Azores

Economía

O Consello Regulador de Clons, OCLOK, paraliza a produción de clons debido ao auto stock masivo que se rexistra nas autoestradas con motivo da ponte da Clonstitución. Noutra orde de cousas, Pepe Mazaricos, Presidente a OPEP (Organización de Países Expremedores de Petróleo) afirma que “expremendo ben os oleoductos aínda se lle poden quitar uns barriliños de crú”.

Noticia Clontinente

O 90% dos informáticos de Malpica danlle de comer ao gato antes de coller o rato.

NARRADORES

XESÚS

Comezaba a ser preocupante unha situación na que a única saída para o mal da estrañeza era encerrarse con reféns coa intención de morrer de pena.

Aínda así, con gran parte da poboación arrastrándose polo chan, tirada polas esquinas ou laiándose da súa propia existencia, seguía sen rexistrarse ningún caso de morte.

As autoridades facían todo o posible para normalizar a situación. Un dos recursos utilizados foi a propaganda.

PUBLICIDADE GRAVADA

“A vida deuche todo o que querías. Colliche da vida sempre todo o que quixeches: órganos, saúde, anos. É hora de darlle á vida o que lle pertence. Déixa espacio, deixa sitio, déixate levar: HAI QUE IR MORRENDO”. É unha recomendación do Instituto Galego de Hixiene Mental.

NARRADORES

MANOLO

O país estaba sumido nun estado de caos técnico. A morriña afectaba xa a unha alta porcentaxe de poboación inactiva. Pequenas células de resistencia comezaban a incitar á revolta social a favor da monarquía clónica. Ante esta situación Clontinente, por medio da Xunta de Galicia anuncia un plan de choque para solucionar o problema, o Plan Leticia. Unha vez máis os mecanismos de distracción do poder poñíanse en marcha.

Por regra xeral estes mecanismos seguen unhas rutinas protocolarias esencialmente iguais en calquera que sexa a situación.

- A) Un acontecemento negativo mina a credibilidade do aparato.
- B) O aparato atrincheirase na posición de desmentido ou de diminución de importancia de tal acontecemento.
- C) O xefe do aparato entra en escena
- D) Un discurso dá por rematado o asunto

Tendo en conta que o poder desgasta e que neste hipotético futuro o noso Eterno levaría xa unha chea de anos nel, máis ou menos podería ser así.

APLAUSOS - OVACIÓN

DISCURSO DE FRAGA GRAVADO

“Galegos e galegas:

Galicia construiu ao longo dos séculos un soño de eternidade, plantando a semente dun novo espírito, universal e trascendente. O **Plan Leticia** nace dese espírito. Así que non temos máis remedio que iniciar unha viaxe de percura. Dentro deste Plan será o noso buque insignia: enviaremos unha misión tripulada a bordo do **Cruceiro Interestelar Lalín 2000** para demostrar que o universo é curvo. E punto. Será o corazón que dea sangue e enerxía a todo o corpo galego. Para recuperar o noso orgullo e para poder andar coa cabeza ben alta polo mundo, aínda diría máis, polo universo adiante. Será unha ponte aberta entre este vello “fogar de Breogán” e ese pequeno anaco de divinidade que son as estrelas. E mentres tanto, hai que ir morrendo.

APLAUSOS - OVACIÓN

NARRADORES

PATRICIA

A partir deste momento, Radio Universo sería a encargada de facer o seguimento da travesía do Cruceiro Interestelar, convertíndose a súa escoita case na única ocupación dos galegos da época.

SINTONÍA R.U.

SUPERCARBALLO

Estase achegando o día. O día en que os galegos entrarán con letras de molde no caderno de bitácora da historia.

MARI CASTAÑA

O día en que o Cruceiro Interestelar **Lalín 2000** partirá, cargado cunha presa de valentes, para demostrarlle ao sistema que o espacio é redondo.

SUPERCARBALLO

... a Estación de Vixilancia Aeroespacial e Xeostratéxica EVAX 1 na Cidade da Cultura onde MB, o noso enviado especial, nos poñerá en antena cos tripulantes do **Lalín 2000**

MB

Saúde orgánica... está comigo o capitán da misión, o Capitán Castromil... Capitán... ¿hai moitas diferencias entre o manexo dun cruceiro como o **Lalín 2000** e as outras naves que adoita manexar?

CAPITÁN CASTROMIL

O principio é sempre o mesmo: hai un sistema de arranque, un de propulsión e outro de navegación. Así que habendo cabeciña non hai problema ¿comprendes?

MB

Á miña esquerda BRÚXULA

BRÚXULA

O meu cometido é manter informado ao Capitán Castromil sobre as rutas alternativas

MB

Este é o quinto elemento: BÁLTAR.

BÁLTAR

Bom, estou aquí em representazóm dum colectivo cada vez máis difuso: a mocidade. Para o que faga falta, é dizer: ¡Por Galiza!

MB

Tamén irá a bordo FROILÁN, o cociñeiro da nave

FROILÁN

Saúde. Congratúlame sobremaneira poder estar presente neste momento decisivo en que a historia ha recoñecer definitivamente o esforzo dun pobo que desde sempre soubo estar á espera do seu momento.

MB

[Cortando] Si gracias Froilán, e perdoa, pero é que se están levando a cabo os últimos preparativos, procedendo á introducción na sala de carga do **Lalín 2000** do que coñecemos tecnicamente como Biotopo Anti-Morriña.

MB

Así son as cousas e así llevolas contamos. Desde a EVAX 1, na Cidade da Cultura, informou MB para Radio Universo.

SUPERCARBALLO

E comezou a conta atrás. Falta só un minuto. Abramos micros co **Lalín 2000**.

CAP CASTROMIL

¿Sistema de anclaxe?

BRÚXULA

Sistema de anclaxe desconectado!

CAP CASTROMIL

¿Motor de arranque?

BRUXULA

Motor de arranque comprobado!

CAP CASTROMIL

¿Estarter?

BRUXULA

Estarter en posición!

CAP CASTROMIL

¡Propulsión toda!

BRUXULA

¡Propulsión toda!

EVAX 1

Cinco, catro...

CAP CASTROMIL

¿Estamos todos?

EVAX 1

Tres, dous, un... ¡CERO!

CAP CASTROMIL

Vaaamonós!

NARRADORES

MIGUEL

A nave partiu, e con ela o Plan Leticia púñase en marcha. O que pasou nos días sucesivos non se alonxa moito do que poidera ser a travesía típica de calquera outro Cruceiro Interestelar.

MANOLO

Pero o seu regreso, co éxito da misión garantido, foi o que marcou a diferenza. Así pois, aforremos as anécdotas intermedias e vaiaamos directamente á última xornada. Transportémonos momentaneamente á emisora galega no espazo exterior e comprobemos se Galicia estaba preparada para tanto cambio.

Sintonía

Supercarballo

Astronomía popular,

Mari Castaña

contactos íntimos e estrelas fugaces,

Supercarballo

mundos iluminados por soles múltiples,

Mari Castaña

todo é política, todo... ciencia ficción,

Supercarballo

Nada é o que parece e todo... funciona por si só. Isto é Radio Universo

Mari Castaña

a emisora galega no espazo exterior. (APLAUSOS)

CONTESTADOR (gravado)

Piii...

Saúde orgánica, compañeiros, son Lestón, de Curtis e dedícome á cría de gando transxénico. Non me creo nada de que o espazo sexa curvo. Xa veredes cando caian todos no abismo. Se forades á lúa coma todo o mundo e vos deixarades de caralladas...

Piii...

Saúde Orgánica a todos os que facedes o programa. Xa era hora de que alguén neste país falase claro sobre a realidade. Quero coñecer ao Capitán Castromil. Estou toliña por el ¿Como teño que facer?

Piii...

Saúde Orgánica Súper. Saúde Orgánica Cas. Son Pilila. Odio a música folk, e detesto o folklore galego. Vivo no límite e flípame cazar baleas. Gustaríame dar unha volta no Lalín 2000. O espacio é curvo tíos. Seguro.

Piii...

Froilán. Es un fenómeno tío. Somos unha peña de fans. Queremos ser coma ti e facelo sen parar flotando na nada. Dálle.

Os dous

Saúde Orgánica, pangalaicos

Mari Castaña

Saúde Supercarballo

Supercarballo

Saúde Mari Castaña.

Mari Castaña

Cando son as (dicir a hora), estamos preparados para afirmar que chegou o gran día, o día D, o día en que Galiza entrará na Historia deste planeta pola porta grande.

Supercarballo

O proxecto estrela da Xunta de Galicia está a piques de rematar con éxito o seu gran desafío.

Mari Castaña

Exacto. Despois da longa travesía do Cruceiro Interestelar Lalín 2000, este é o principio da fin.

Super Carballo

O espacio é curvo. Estamos case seguros.

Mari Castaña

Falemos diso, Súper, agora que nos escoitan cinco mil millóns de galegos espallados por todo o universo e un par de centos de murcianos concienciados.

Supercarballo

Un agarimoso saúdo para todos desde aquí. Pero para falar da curvatura do espacio o mellor é que nolo expliquen os nosos especialistas convidados. Están aquí connosco o Profesor Hardware, da Universidade de Software e o profesor Software, da Universidade de Hardware. Saúde orgánica profesores.

PROFESORES

Salú-t orgánica.

Supercarballo

¿Qué significa exactamente que o espacio é curvo?

HARDWARE

Significa eso. Que es curvo., redondo, como una pelota.

SOFTWARE

Permítame profesor Hardware. Se demostrará que el espacio es redondo cuando el **Lalín 2000** regrese al punto de donde partiu, es decir aquí, sen recorrer el mismo camino, sin recular, como Colón allá por el...

HARDWARE

[Cortándoo] el espacio es curvo y punto. ¡Ya está! No hay más que decir. No se enrolle más querido colega, y sobre todo no me evite la cuestión. No me esquive el tema.

SOFTWARE

¿A que se refiere? ¿A la incapacidad de los remeros de su Universitat?

HARDWARE

No se defienda con manganchas, profesor. Me refiero a la posible existencia de un PROPER entre la tripulación.

SOFTWARE

¿Un proper? Olvida que los miembros de la tripulación son todos humanos naturales

HARDWARE

Bla, bla, bla. Todo el mundo sabe que los proper están por todas partes.

SOFTWARE

Pero profesor, nadie ha visto nunca un proper.

HARDWARE

Exacto! Por eso cualquiera puede serlo. Incluso usted.

SOFTWARE

Non le consiento...

Supercarballo

Desculpen que os interrompa profesores, pero é o momento de escoitar un consello do noso patrocinador.

PUBLICIDADE (gravada)

-¿Qué fas falando só, Arturo?.

-Cala, ho,cala. Desde que marchou o meu robot de compañía, falo ata coas paredes.

-Iso é porque aínda non coñeces o Parque Temático de Clontinente. Alí están clonados os mellores conversadores. Podes discutir ata rebentar a uns prezos increíbles. Fala con Cunqueiro, con Otero Pedrayo, con Vicente Risco...se che deixan.

-¿E onde dis que podo atopar tanto clon?.

-¿Onde vai ser?, en "Clontinente".

Maricastaña

E falando de momentos,súper, quizáis sexa este o adecuado para anunciar que hoxe, ao redor das (dicir unha hora aproximada) Radio Universo terá a inmensa honra de contar coa presenza de dous representantes do goberno, para levar a cabo unha conexión en rigurosísimo directo cos tripulantes do Lalín 2000.

Supercarballo

E mentres esperamos con nerviosismo a súa chegada, teño unha idea Cas. ¿ Que che parece se facemos un repaso dos momentos máis intensos da misión interestelar, e así lembrar aos nosos oíntes como transcorreu todo nestes últimos tempos a bordo da nave?

Maricastaña

Ti sempre tan directo.

Supercarballo

E ti sempre tan diferida. (risos) Vexamos entón como fluía a cousa non hai moito alá no **Lalín 2000**.

(AMBIENTE NAVE)**Capitán Castromil**

Cago na bicha, o que había que facer era quitarlle o carné a todos estes guaperas.

Brúxula

Xa lle dixen que non collera a ruta do bacallao, capitán... eu conhezo unha ruta alternativa por Mercurio.

Capitán Castromil

Cala a boca, a ver se me vas dicir ti agora o que teño que facer.

Brúxula

Xa estamos outra vez co machismo do carallo.

Capitán Castromil

Nin machismo nin gaitas, levo vinte anos nesta liña cósmica e non vou coller outra ruta por culpa de catro drogaos.

Froilán

A comer!

Brúxula

Saúde Orgánica Froilán!

Froilán

Saúde Orgánica... ti como te chamabas? E que sabes, teño un problema de memoria por culpa da xenética.

Brúxula

Brúxula.

Froilán

Saúde Orgánica Brúxula. Gústame moito o teu nome... na miña familia non hai Brúxulas, só Felipes e Helenas.

Brúxula

E como é que a ti te chamaron Froilán.

Froilán

Non me lembro.

Capitán Castromil

Menos latricar. A ver ti, aparvao, que hai de comer.

Froilán

Lacón en conserva.

Capitán Castromil

Cago na tos, outra vez?

Báltar

Bom, é que há uma gralha na leira básica e a vida animal corre muito perigo.

Capitán Castromil

E canto vas tardar en amañalo, estou farto de lacón en conserva.

Báltar

Nom acredito nas présas, mas hacho que em 120 minutos, é dizer, em duas horas, a gralha pode estar corrigida.

Brúxula

Non estou eu tan segura. Capitán, este tipo é o único que non tivo que facer oposición para estar aquí así que penso eu, só por pensar, que alguén o recomendaría

Báltar

Tío Milito, nom há direito. Isto é uma difamazom

Capitán Castromil

Brúxula, ninguén che paga para pensar só por pensar, ti non es quen de cuestionar as decisións da consellería. E ti, Landrú, despois de amañar o biotopo xa me estás fregando os corredores e sacándolle brillo aos espellos criónicos.

Báltar

Mas tío Milito...

Capitán Castromil

Nin mas nin menos, nin Milito nin hostias!

Báltar

Descupe señor Castromil...

Capitán Castromil

Nin Castromil nin Castropol. Veña! de momento a comer lacón todo cristo. Quérovos ver no comedor nun minuto. Brúxula, pon o piloto autonómico que eu vou botar unha mexada e... se cadra... lavar as mans.

CABEZAS CLON-TI-NEN-TE

Mari Castaña

Impresionante a responsabilidade que se respira entre os membros da tripulación. Castromil, que gran home, que carácter autonómico.

Super Carballo

¿E que me dis de Brúxula, tan segura de si mesma, sempre tan atenta aos cambios e á aparición de novas rotas?

Mari Castaña

Tés razón Súper. Están todos á altura do proxecto máis grande xamais afrontado polo noso pobo.

Súper Carballo

E cando son as (dicir a hora) imos conectar en directo co noso enviado especial MB, que se atopa na bolsa de Muxia xusto antes do peche da sesión para ver como evoluciona o Índice Deza.

Mari Castaña

Si, porque lembremos que nas últimas semanas subiu espectacularmente debido ao descenso dos casos de morriña, feito que xustifica todo o esforzo desta misión. Parece que xa temos a conexión preparada, así que adiante MB.

MB (fondo lonja)

Si, saúdos desde a bolsa de Muxía. Cando está a piques de pechar a sesión podemos confirmar que o Índice Deza alcanzará cotas históricas. Escoitemos como se respira o ambiente a pé de baldosa.

Lonja

(contando) adxudicado! Lévaos Manolo da Corona.

MB

Esto é todo desde a bolsa de Muxía. Así son as cousas e así llevolas contamos, informou MB para Radio Universo.

Supercarballo

Moitísimas gracias MB. Como vimos de comprobar a ledicia vai en aumento gracias ao excelente plan do mesmo nome. ¿Qué importa todo o demais? ¿Qué che parece se seguimos co recordatorio de acontecementos acaecidos ata este histórico momento, querida Cas?

Mari Castaña

Dacordo. Porque non todo ían ser tensións e momentos difíciles a bordo do **Lalin 2000**. Alá arriba tamén houbo tempo para o romanticismo e as relacións cósmicas.

Súpercarballo

¿Unha parelliña espacial? ¡Que bonito! E conta, conta. ¿Quen?
¿Quen?

Mari Castaña

Sábelo de sobra. Mellor escoitemos. ¿Acaso non lembran a sensibilidade de Froilán e as maneiras refinadas de achegamento a Brúxula?

Froilán

¡Ai que tontería! Quedei trasposto. Pero que soño máis bonito tiven. Estabamos Brúxula e eu sós, sentados a unha mesa longa que atravesaba todo o biotopo. Ela nunha punta, eu na outra e centos de velas ardendo no medio. (Agora que o penso así non nos podíamos ver). Colliamos patacas da terra e cando as poñiamos no plato xa estaban cocidas. ¡Que cachelada tan romántica! Vou mirar se ela soñou o mesmo. Brúxula! Brúxula esperta! Ai que bonito nome! É tan... é tan... tan esdrúxulo!

Brúxula

(Espertando) ¿Qué pasa? ¿Qué pasou? Quedei durmida. (Bosteza) Ah! Es ti Froilán.

Froilán

Díó doutra vez

Brúxula

¿O que? ¿Quedei durmida?

Froilán

Non. O meu nome.

Brúxula

¿Froilán? ¿Por qué?

Froilán

Aahh! Ai! Outra vez!

Brúxula

Pareces parvo!

Froilán

¿Qué máis?

Brúxula

¿Qué máis que?

Froilán

Pareces parvo Froilán

Brúxula

Está ben. Pois parece parvo Froilán

Froilán

Aahh! Ai! Ai! Soa tan dulce o meu nome nos seus labios.
Sinto que o estómago me sube á cabeza arrastrando os pulmóns e o corazón e que as ideas se confunden coas ganas de vomitar.
¿Como lle chamarías ti a iso, BRÚXULA?

Brúxula

Se non lembro mal, cando saímos da Terra, aínda lle chamaban amor.

CABEZAS CLON-TI-NEN-TE

Súpercarballo

Froilán non o tiña moi doado, ¿eh Cas? Nesta altura Brúxula non parecía facerlle moito caso.

Maricastaña

Non hai que fiarse das apariencias.

Súpercarballo

Certo. Porque o noso heroe é un home tenaz

Maricastaña

E sabía perfectamente cal era a estratexia a seguir: o ataque directo.

Súpercarballo

Ti sempre tan diferida Cas (Risos)
¿Acabamos o conto Cas? ¿Contámolo todo?

Maricastaña

Por suposto. Para eso estamos. Para contar a verdade, aquí en Radio Universo. Oian, oian como as cousas foron cambiando.

Froilán

Brúxula, flotar no espacio... ¿non che parece algo marabilloso?
Mira, sen mans... uuaau! Voume!

Brúxula

Dame a man Froilán, a inercia e a estupidez pódente arrastrar ao fondo do universo e agora es un heroe cunha responsabilidade civil

Froilán

Brúxula...

Brúxula

¿que me queres, amor?

Froilán

Brúxula... nestes momentos tan entrañables da miña vida, aquí flotando na nada, ao teu lado, sinto que a vida non tería sentido sen ti. O meu corazón está cargado de esperanza e ademáis, por primeira vez na miña vida, sinto unha estraña excitación cósmica nos meus xenitais e o impulso dinástico de me reproducir.

Brúxula

Oh Froilán, que cousas tan románticas se che ocorren... ninguén me falara antes como ti o fas

Froilán

Cando estou contigo parecería que o meu verbo é mais brillante e que os adxectivos saltasen da miña boca tal que fervenzas de cor improcedentes...

Brúxula

Meu Amor

Froilán

Oh Brúxula, síntome tan orientado perto de ti. (*Bico extenso*)

Brúxula

(*Bico*) Íspete meu rei e procuremos un orgasmo cósmico neste leito de estrelas

Froilán

¿E iso como se fai?

Brúxula

Cortemos a comunicación durante cinco minutos

Froilán

Vaia, non sabía que puidese durar tanto

CABEZAS CLON-TI-NEN-TE

Mari Castaña

Estánseme abrindo os apetitos, súper. Parece unha boa ocasión para falar de sexo.

Súper Carballo

E a min espértanme os instintos Cas. Líchesme o pensamento. temos conosco aos nosos tertulianos habituais, o profesor Hardware, da Universidade de Software e o profesor Software da Universidade de Hardware, Saúde Orgánica, profesores

Profesores

Salút Orgánica!

Supercarballo

A pregunta que bule no ambiente é... é posible manter relacións sexuais homologadas nun entorno espacial?

Hardware

Sin duda el orgasmo es posible

Software

En el espacio lo posible es solo improbable

Hardware

por favor colega, evite las ironías

Software

Yo no evito nada. Lo realmente irónico es que usted no comente nada sobre como van las cosas en su universidad después del resultado de la última regata.

Hardware

Eso fue un golpe bajo, ¿no será usted un clon ilegal de Sánchez Dragó?

Software

discúlpeme, caballero, pero no quisiera transgredir la mas elemental norma de cortesía

Hardware

entonces diga lo que está pensando

Supercarballo

Insisto profesores, cal é a súa opinión sobre as relacións sexuais entre cosmonautas?

Software

No tenga miedo, mas cedo o mas tarde aparecerán las complicaciones.

Hardware

Mi colega tiene razón, el comportamiento marciano del cocinero es bien curioso. Utiliza un Método de Desplazamiento Dinámico para capturar frecuencias de emisión a través de sus rebotes nebulares.

Software

Disculpe, profesor, pero creo que por una vez deberíamos tratar de hablar un idioma comprensible para la mayoría de los mortales...

Hardware

No empecemos con demagogia. Si empezamos con demagogia yo agarro,cojo y me voy.

Software

Pues si se va a marchar tan rápido como los remeros de su universidad no va a llegar muy lejos...

Super Carballo

Gracias profesores. Lástima que aínda nos quede por repasar un pouco máis da aventura do **Lalín 2000**, da nosa aventura.

Mari Castaña

Da aventura de todos os galegos. Porque todos somos Brúxula e Froilán. Todos somos Castromil.

Super Carballo

E ¿por que non? Todos somos Báltar tamén

Mari Castaña

Si ¿por que non?

Super Carballo

Pero non nos desviemos, Cas.

Mari Castaña

Si. Centrémonos. Porque nos queda por reproducir o feito que os levou a descubrir a curvatura do espacio.

Supercarballo

O encontro con PVC. O vixilante da fronteira infinita que vive na Batea de Tráfico Interestelar.

Mari Castaña

Pero antes, unha recomendación institucional.

PUBLICIDADE INSTITUCIONAL (gravada)

Non esperes a que sexa demasiado tarde. A morte natural é cousa do pasado. Mátate. Experimenta o pracer do libre albedrío. Hai demasiada vida no planeta Terra. Hai demasiada vida na Galiza. Hai que ir morrendo.

Brúxula

Por fin estamos na batea. Vou baixar estirar as perniñas.

Capitán Castromil

Boa idea. I mos baixar todos, a ver se nos tranquilizamos.

Báltar

Eu tranquilo nom estaría tío Milito. Isto nom me cheira nada bem.

Capitán Castromil

Xa o sei, xa o sei. Levamos moito tempo aquí metidos e xa cheira un pouco a compañeiro. ¡O último que saia que deixe a porta aberta a ver se se ventila un pouco isto!

Báltar

Nom me refería a ese tipo de cheiro tío

Capitán Castromil

Pois eu si. A ver se nos lavamos de vez en cando

PUBLICIDADE

Protexe o teu traxe con DETERUEL, o deterxente con lípidos activos que se atrincheiran nos tecidos e impiden que a sociedade os deteriore. DETERUEL, o deterxente intelixente. Agora tamén con encimas antiyecemas. DETERUEL: por fin existe algo así

Brúxula

Xa teño ganas de darlle unha aperta ao vello PVC. ¿Vamos Froilán?

Froilán

Non, eu quedo, estou derrocado.

Brúxula

Pero ¿qué tés?

Froilán

Non sei por que tés tanto interese en ver a ese tal PVC.

Brúxula

Pois porque é un vello coñecido. ¡Pareces parvo!

Froilán

¿Qué máis?

Brúxula

(Cabreada) ¡Pareces pervo Froilán!

Froilán

Ai. Así si. ¡Vamos!

Capitán Castromil

(Petando na porta) A ver, a ver. ¿Hai alguén aí? ¡Abride ho!

[Ruido de bisagra de porta]

AMBIENTE DE TODOS

Xa estamos aquí... Que tal PVC... etc

PVC

¡Brúxula! ¡Canto tempo! ¡Ven aquí e déixame tocar esa carne!

(Ruído de apalpar carnes)

Capitán Castromil

Ben PVC.. Supoño que a estas alturas xa saberás por que estamos aquí.

PVC

Podo imaxinalo. O que non sei é en que vos podo axudar eu.

Brúxula

Non sexas tan modesto PVC. Se hai alguén que nos poida indicar a rota por onde atopar a curvatura do espazo, ese es ti.

PVC

Ai, zalamera. Sempre me tiveches moita lei.

Brúxula

¿E como non cha ía ter?

Froilán

(Rosmando e arremedando a PVC) “Ai zalamera... Tesme moita lei...” Non aturo a este tipo.

Capitán Castromil

¿Qué rosmas tí?

Froilán

¿Quen? ¿Eu? Nada, nada.

PVC

Todo o que podo facer é poñerme en contacto coa flota galega no exterior. Hai por aí bastante naves recollendo lixo e quizais alguén saiba algo.

Capitán Castromil

Pois adiante.

PVC

A ver, a ver. Aquí PVC, aquí PVC ¿quen escoita? Cambio.

VOZ 1

Aquí Mejuto, desde o arrastreiro Titanic. Adiante PVC.

PVC

A ver Mejuto. ¿Qué sabes da curvatura do espazo? Cambio

VOZ 1

A ver PVC, ¿non tes nada mellor que facer que drogarte e despois facer preguntas idiotas?

VOZ 2

A ver PVC. A ver Mejuto. Aquí Arquímedes desde a Furada Negra, ¿podo falar? Cambio

PVC

Adiante Arquímedes.

VOZ 2

Non é a primeira vez que escoito iso da curvatura. Non hai moito cruceime cun tipo que preguntaba o mesmo. Foi camiño do cadrante Limia todo cheo. E ata hoxe.

VOZ 1

O cadrante Limia é perigoso. Se te metes por aí caes ao abismo.

Capitán Castromil

¿Qué carallo é iso do cadrante Limia?

PVC

O cadrante Limia é o cadrante do esquecemento.

Capitán Castromil

¿E por onde queda exactamente?

PVC

Pois mire, ¿ve como está colocada agora a planeadora? ¿cara a onde está sinalando a proa? Pois todo recto e vai dereitiño cara a aquela estrela dalí, e por alí está exactamente o Cadrante Limia.

Brúxula

¡Canto sabes PVC! ¡Canto me alegro de verte!

PVC (apalpando as carnes)

Eu tamén de verte a ti Brúxula. Ás veces penso nos vellos tempos e creo que foi unha mágoa que as nosas vidas se separasen.

(Danse un sonoro bico)

Froilán

(Berrando ou algo así) Aahh! Non aturo máis! (Monta en cólera) Voume matar. Vou marchar.

Capitán Castromil

Calmate Froilán. ¿Qué che pasa?
Froilán! Quieto aí! Deixa a planeadora ¡É unha orde! ¿A onde vas?

Froilán

Vou en busca do cadrante ese. Quero esquecer todo isto.

PVC

Vaia tripulación que leva a bordo Capitán. Non lle falta de nada. O mellor de cada casa. A ver quen me paga a min agora a planeadora.

Capitán Castromil

¡Hai que sair tras del pitando! ¡Veña! Zafarrancho e enfiando cara ao cadrante Limia.

CABEZAS CLON-TI-NEN-TE

Mari Castaña

Que gran sorte levar a bordo un tripulante como Froilán.

Súper Carballo

¿Quen se non se ía atrever a afrontar eses temores ancestrais?
¿Quen ía poder acabar coas supersticións?

Mari Castaña

Pouca xente tan valente coma Froilán. Adentrarse no cadrante Limia. Esa era a clave.

Super Carballo

Cada un no seu posto. Cada un co seu cometido. Sen dúbida é unha tripulación compensada e complementaria.

Mari Castaña

Si, Super. Era tan doado de resolver que por iso ninguén fora aínda capaz.

Super Carballo

Pero si os nosos heroes. Escoitemos como.

Brúxula

Capitán, creo que xa o temos. Mire alí diante. É Froilán. Espetouse naquela curva.

Capitán Castromil

Pero que diantres fai unha curva semellante no medio da nada. Quen trazaría este cacho do Cosmos?

Báltar

A min páreceme que isto é a curvatura do espacio que andabamos buscando, Tío Milito.

Capitán Castromil

Ti cala, paspán. E prepárate para recoller ao descamisado ese que o vou meter eu en vereda, a ver se espabila dunha vez.

Brúxula

Froilán, óesme? Non te movas. Anda, estate quietiño que agora mesmo mandamos unha misión de rescate.

Froilán

Se é por iso, non te preocupes, Brúxula. Levo toda a vida sen mover un dedo. Fun educado para iso nas mellores universidades.

Báltar

Ai que foderse. Non sei por qué sempre me tocarán a min as operazóns de salvamento e vanguardismo.

Capitán Castromil

Menos rosmar e méteo para dentro, Segundo, que teño o estómago máis valeiro que un furado negro.

Brúxula

Froilán, menos mal que chegamos a tempo. Vén aquí. Pero mira que es parvo de todo. Espetar a planeadora contra a única curva do universo. ¿Por que o fixeches?

Báltar

O que pasa é que hai moito fillo de puta que anda a foder o país...

Brúxula

Non sexas bruto, ti. Déixao en paz.

Capitán Castromil

Bueno, vale, o que vós queirades. Pero xa vai sendo hora de comer. FROILÁN, a quecer os fogóns. Segundo, pon a mesa. BRÚXULA, colle os mandos, dá a volta na próxima nebulosa e pon rumbo de novo á BATEA, que eu vou botar unha mexada e, se cadra...

TODOS

Lavar as mans!

Capitán Castromil

Menos cachondeo, rapaces! Ao primeiro que se me alporice póño en órbita. E hoxe quero ver a todo o mundo na mesa.

Brúxula

Capitán, os mandos non responden. Non me entra a marcha atrás.

Capitán Castromil

Embraga, muller. Embraga e métea a fondo.

Báltar

Tío, se repite iso no parlamento pode chegar a Clonselleiro.

Brúxula

Non hai forma. Non podo variar o rumbo. É como se o cruceiro caise en picado. Como se respondese a unha forza superior...

Capitán Castromil

Cair a onde, muller. Ti toleaches. Os cruceiros non poden ter ideas propias, son máquinas subvencionadas pola Xunta.

Froilán

¡Preparados, listos e a comer!

Capitán Castromil

Veña, mete unha marcha corta, pon o freo de man e deixa posto o piloto autonómico mentres comemos. Co estómago cheo vense as cousas doutra maneira.

CABEZAS CLON-TI-NEN-TE

Super Carballo

A tranquilidade do Capitán Castromil en situacións-límite é pasmosa, Cas. Debe ser un home de fortes conviccións.

Mari Castaña

Iso é a seguridade de que a misión ía polo camiño correcto. A sabiduría dun capitán con experiencia infunde o valor necesario para non entrar en pánico nos momentos difíciles.

Super Carballo

A Xunta de Galicia sabía moi ben o que facía cando tivo a idea de darlle a volta ao universo. Que gran investimento.

PUBLICIDADE GRAVADA

Pasas a vida pensando e os teus pensamentos non aproveitan a ninguén. Sinteste incomprendido e a sociedade desprezia as túas ideas. É hora de descansar a cabeciña. A Caixa de Aforro Mental de Galiza vela pola túa tranquilidade. Non cismes máis. Aforra pensamento.

Mari Castaña

Non o dubides nin por un momento. O Plan Leticia faranos esquecer esa suma numerosa de casos de morriña que tanto nos incomoda. E mentres se achega a hora de recibir nos estudos a visita dos representantes do goberno, que falarán en directo cos nosos heroes siderais, escoitemos como conseguían demostrar o que algúns resentidos dicían que era imposible.

Super Carballo

Ai Cas. O espacio é redondo... Desde que o sei... non sei... estou máis tranquilo, mira ti. Teño como unha paz por dentro.

Mari Castaña

Si, súper. Pero vaiamos ao punto no que o Lalín 2000 atopou o camiño de volta.

Súper Carballo

Claro, claro.

Brúxula

Mire Capitán, aquí está a terra, isto é o sol, o planeta borrego, a colonia freak... aquí é onde Froilán se espetou contra a curvatura do universo e... fíxese, se continuamos por esta traxectoria acabaremos regresando ao punto de onde partimos...

Capitán Castromil

Pero iso quere dicir que estamos entrando no sistema solar...

Brúxula

É o que estou dicindo, capitán

Capitán Castromil

Raios, zafarrancho de combate... todos aos seus postos, volvemos a casa... Froilán, vai abrir unhas latañas... Brúxula... ponte en contacto coa Evax...

Brúxula

É Plutón, capitán! Que alucine.

Capitán Castromil

Claro que é Plutón, sempre souben que era Plutón, viva Plutón.
Viva Galiza

Brúxula

Oh Froilán, é maravilloso

Froilán

Si.

Capitán Castromil

Conseguímolos mecagontodo. Vaise cagar máis de un. Ven aquí Segundo, sobriño, dáme un abrazo (Sonido de abrazo e hostias no lombo) Veña, Brúxula, mete a directa que hoxe aínda lle comemos unhas pataquiñas novas na casa.

CABEZAS CLON-TI-NEN-TE

Mari Castaña

Que marabilla. Que ben me sinto.

Súper Carballo

É o orgullo Cas. Nada máis grande que ser galegos.

Mari Castaña

Nin máis grande, nin máis alto, nin máis forte.

Súper Carballo

Adeus morriña. Benvida Leticia.

Mari Castaña

A cabeza alta. O xesto altaneiro.

Súper Carballo

Que éxito grandioso o do noso goberno.

Mari Castaña

Precisamente estamos a piques de recibir aos seus alicerces, que manterán un diálogo en rigoroso directo coa histórica tripulación que sacou a este país do atraso emocional.

Súper Carballo

Aproveitemos entón para escoitar un novo boletín de noticias.

Súper Carballo (aplausos)

E aquí os temos, señores e señoras, pangalaicos todos, Máster Tampax e Mister Clínex entran no noso estudio. A historia estáos agardando.

Máster Támpax

Si. Gracias. Pero non se confunda: a historia facémola nós.

Míster Clínex

A ver Lalín 2000, aquí Mister Clínex. ¿Qué? ¿qué tal por aí?

Castromil

Ben. Pero moi ben moi ben non. Non ben de todo vaia. Que esto está ben, home eu non digo que non, pero como na casa, en ningún lado míster. A min metéronme neste fregao, déronme o cambiazos no exame, dixéronme que ía ser só un momento, que o tempo na nave pasaba voando, eu que sei. Pero eu non son home de andar por aí, ¿mentende mister?, eu xa non vexo o momento de estar na casa...

Mister Clínex

Si, ben, ben Castromil. Gracias. Xa falaremos con vostede aquí abaixo cando chegue. A ver, que nos pode dicir Brúxula. Fálenos da nave ¿Qué tal chuta o cruceiro logo? Tecnoloxía galega. ¿Corre moito entón?

Brúxula

Como a luz. O normal. Pero eu o que quero é aproveitar para dicir outra cousa: ¡mamá! Estou embarazada.

Capitán Castromil

¡Meu non é!

Báltar

Meu tambem nao Tío Milito

Froilán

Claro que non. É de Brúxula.

Brúxula

Desde logo Froilán, ¡que burro es!

Froilán

Dío outra vez

Segundo

Tes que estar errada Brúxula. Este tipo é un idiota incapaz de reproducirse a si propio.

Mister Clínex

Eso non é problema, valentes. Aquí vos espera unha recepción por todo o alto, co seu cocidiño como tén que ser. E tamén quedamos para tomar un café con gotas. [A Támpax polo baixo] ¡Cagondiós Támpax! ¿Que facemos? ¿Abrimoslle unha cartilla? Di algo joder!

Máster Támpax

Parece que anda todo un pouco revolucionado. Díganos polo menos ¿Qué tal se ve Galicia desde aí? ¿Vese verde? E comida. ¿Levabades comida abonda, non?

Froilán

Brúxula... nestes momentos tan entrañables da miña vida, aquí ao teu lado, sinto que nada tería sentido sen ti. (Creo que me estou repetindo). Eu non son quen ti pensas que son. Espero que me perdoes, pero agora que levas dentro un fillo meu, teño que contar toda a verdade.

Galegos e galegas: eu, Juan Felipe Froilán de Todos os Santos Borbón y Cuenta Nueva, fun clonado e encargado de redimir a Galiza de mil quinientos anos de mentiras, inxustiza e opresión para instaurar a Monarquía Borclónica. Desde aquí pido a todos e a todas que cando a nova Clonstitución Monárquica entre en vigor se sumen á alegría da nova realidade. Galegos, galegas: ¡Viva a clonación!

BÁLTAR

Xa sabía eu que aquí había moito fillo de puta. Sodes todos un fato de mamóns..., empezando por ese vello chocho do Capitán Castromil. A Clonsellería de Agricultura e Saúde Mental sempre sospeitou que os partidarios da causa monárquica introducirían algún clon ilegal no Cruceiro para sabotear a viaxe e decidiron enviarme baixo unha identidade segura... Teño que recoñecer que me levou o meu tempo pero agora estou seguro de quen é o infiltrado.

Castromil

¡Que deprimente é todo esto!

CABEZAS CLON-TI-NEN-TE

Mari Castaña

Que situación máis embarazosa. ¡Que mellor proba de que isto é rigoroso directo! Non sei se os nosos convidados queren engadir algo, ¿Máster?

Máster Támpax

Ben. Quero lanzar unha mensaxe de serenidade a todo o pobo galego que nos está escoitando para que non dean crédito a ese idiota con afán de protagonismo que o único que pretende é dinamitar a nosa democracia. Ti Clínex tés algo que engadir?

Míster Clínex

Non home. Que vou ter. O importante é a festiña astronómica que se lles está a preparar a estes valentes, co seu cocidiño, como ten que ser. (Polo baixo A Carballo) ¿No tienes algo que poner por ahí hombre que esto se nos está yendo un poco de las manos?

Súper Carallo

Sí perdón un momento, porque nos avisan de que temos preparado un novo boletín de noticias.

NOTICIAS. (gravadas)

Cultura

Revolución na enxeñería xenética: creado un clon do alcalde da Coruña que fala galego.

Éxito de Carmiña Burana, unha das grandes voces deste país, na temporada de ópera do Centro Galego de Saturno. (declaracións de Carmiña)

Matemáticas

O número premiado na lotería solar de onte foi o novecientos setenta e oito trillóns quinientos sesenta e tres mil douscentos corenta e dous billóns cento oitenta e tres mil catrocentos sete millóns trescentos vinte e cinco mil quinientos setenta e dous. ¿Repetimos?

Horticultura

Un pimento de padrón que move as mans e conta chistes picantes triunfa na Feira Agroxenética de Silleda.

Espacio Exterior

Unha plutoniana ameaza con tirarse ao baleiro se o Capitán Castromil non recoñece ao seu fillo. “Pero se nunca o vin como o vou recoñecer!”, declarou o Capitán antes de nada.

Galicia

Como cada ano cando comeza a primavera, celebrouse con gran éxito a Feira Medieval do Vaciado do Pecio do Prestige. Este ano, o pregón correu a cargo de Pepe Mazaricos, presidente da OPEP (Organización de Países Exprededores de Petróleo), que acabou así a súa intervención: “Se exprememos ben o pecio aínda lle sacamos uns barriliños máis de crú”.

Última Hora

Circula polo confín do Universo un rumor infundado segundo o cal a Nave Interestelar Lalín 2000 e a súa tripulación son unha pura invención simulada nun estudio de radio. O motivo último desta montaxe sería desviar a atención dos problemas creados pola suma numerosa de casos de morriña. A Clonselleira de Información e Saúde Mental foi a encargada de transmitir o desmentido oficial: “Eses son os do non. Son catro resentidos con ganas de molestar e punto”

NARRADORES

PATRICIA

O ambiente entre a tripulación é tenso. Castromil parece superado polos acontecementos, Brúxula está como está, Froilán revélasenos coma un clon ilegal con dereitos dinásticos e Segundo Baltar sementa a o terror entre a tripulación cunha afirmación terrible: a existencia dun proper no interior do Lalín 2000. É dicir, un axente secreto encargado de liquidar a calquera clon ilegal.

XESÚS

¿Como reaccionará o Capitán Castromil tras averiguar que o seu sobriño, ademáis dun nugallán tamén é un Proper?

MANOLO

¿Conseguirá a Monarquía Clónica o que mil anos de democracia parlamentaria foron incapaces de lograr en Galiza?

MIGUEL

¿que opina de todo isto o noso Eterno Presidente?

PATRICIA

¿E Radio Universo? ¿Seguirá sendo o nexo de unión entre a nave e a terra?

XESÚS

E por certo ¿qué pasa na terra?

M.B.

Atención, Radio Universo, aquí M.B. desde o Aeroporto de Labacolla, onde o pánico está a punto de colapsar o tráfico aéreo. Centos de clonselleiros amoréanse no aeroporto compostelán intentando requisar avións para a fuxida. Segundo os últimos rumores o Eterno Presidente estaría xa no aire voando en dirección a Cuba, onde o Eterno Comandante acaba de garantirlle asilo político. Precisamente vexo por aquí no mostrador de facturación a Máster Tampax e Míster Clínex...

Míster Clínex

Sai daí neno, non molestes...

M.B.

...que tal vez nos poidan dicir algo
Saúde Orgánica... díganos, ¿que hai de certo neste rumor?

MÍSTER CLÍNEX

O único certo é que é un rumor. Arestora é imposible saber con seguridade onde se atopa o Eterno Presidente. Deixa pasar home...
O máis seguro é que se atope botando unha sestiña, que ben merecido o tén home. E perdoe, que se me están colando, oiga...

M.B.

Gracias, e boa viaxe. Así son asa cousas e así llevolas contamos. Desde Labacolla falou MB para Radio Universo.

SUPERCARBALLO

Gracias M.B. Parece que a crise política se agudiza, Cas. ¿Cres que os galegos aceptarán a Froilán como Rei de Galiza?

MARI CASTAÑA

Os galegos, Súper, son capaces de aceptar de todo. En todo caso o futuro da nosa terra estase a xogar nestes momentos noutro lugar ben distinto.

SUPERCARBALLO

En efecto, Cas, a existencia dun proper entre a tripulación do Lalín 2000 ameaza a vida de Froilán e a causa monárquica aínda corre perigo. É hora de achegarse ao interior do Cruceiro Interestelar e coñecer os últimos acontecementos.

Son de alarma

Brúxula

Axiña, Froilán, deixa os cazos e as potas: o Capitán Castromil toleou, fechouse no Bio-topo Anti-morriña e non quere abrir a porta.

Froilán

Ho, que pena, co ben que me estaba a saír a empanada.

Báltar

Tío, son eu, o teu sobriño... abre a porta...

Capitán Castromil

A ti vouche abrir, langrán, pírate de aí antes de que monte un estropicio... malnacido, parásito... miñoca... ide cagar todos de campo... meu deus, por que dixen iso? ...que verde era o meu val...

Brúxula

Pero capitán... ten que saír.

Capitán Castromil

Santa Matroa de Vilariño, son imbéciles e escuros e non me entenden, non, non comprenden estas lágrimas, esta saudade, este baleiro do meu ser...

Brúxula

Diga o que quere capitán... todo ten solución

Capitán Castromil

¿Que quero...? ¿Que quero...? ...quero mercar un piso en Santiago e vivir dos estudantes! ¡Quero ver caer o arume harpado dos pinos!
¡Quero construír un panteón nun outeiro! Quero morrer na aldea onde nacín! Quero volver a Galicia, hostia!

Báltar

É inútil... hai que pensar noutra cousa... a morriña deu cabo del

Froilán

Brúxula, ¿que é a morriña? Eu só tiven paperas de pequeno e non me acordo

Brúxula

A morriña, Froilán, é unha doenza cerebral que paraliza o sistema nervioso, fomenta o atraso cultural e consolida as maiorías absolutas.

BÁLTAR

Atrás todos. Ven aquí imbécil. Aquí quen fala son eu. Sinto que esteas deprimido, tío Milito, pero vou guindar a este clon ilgeal polo extractor do lixo.

BRÚXULA

¿Como? ao pai do meu fillo nin tocalo. ¿Quen ten unha pistola?

FROILÁN

Eu teño a pistola de nata que uso para encher as filloas.

Castromil

Meu deus, que deprimente é todo isto, tan lonxe da terriña e fechado nunha nave espacial co imbécil do meu sobriño... mira, fai o que queiras, non teño ganas de aturarte. Calade todos dunha vez. Segundo, solta a Froilán ou cóntolle a todos que aínda te mexas na cama polas noites

BÁLTAR

¿Como sabes iso tío Milito?

CAP. CASTROMIL

Cando partimos prometinlle a túa nai facer de ti un home, pero ben se ve que es un caso perdido.

BÁLTAR

Meu deus, traicionado pola miña propia nai... Maldito complexo de Edipo... Voume guindar polo extractor do lixo...

CAP. CASTROMIL

Non o fagas, calamidá, aínda podemos ir xuntos ao psicólogo.

BÁLTAR

Todo é inútil, tío Milito... adeus... por Galiza... ¡¡aaahh!!

CAP. CASTROMIL

A ver que lle conto á miña muller cando chegue a casa.

CABEZAS CLON-TI-NEN-TE

Mari Castaña

Que desgracia Súper. O Lalín 2000 sufriu unha baixa.

Carballo

Pero o Capitán Castromil superou a súa crise de identidade, a vida agroma no interior de Brúxula e o futuro rei de Galicia vén de camiño. ¿Non te enche esto de ledicia?

Mari Castaña

Quizais sexa un efecto colateral do Plan do mesmo nome. Mágoa que xa non poidamos contar cos profesores para compartir con eles este momento.

PROFESORES

Estamos aquí, amigos, salú orgánica.

MARI CASTAÑA

Que sorpresa, profesores, pensábamos que todos os intelectuais fuxiran co goberno.

Hardware

Mire, nuestro deber es ponernos a disposición de las nuevas autoridades. Incluso la monarquía necesita parásitos cualificados como el profesor Sftware por ejemplo

Software

Galicia es un lugar con sólo dos salidas: el exilio o la rendición. Nos guste o no, hay un carácter de los italianos, de los nórdicos, etc... y el carácter gallego es de sumisión

Hardware

Siempre nos quedará Portugal, profesor Software

Software

Por una vez le doy la razón. Sin duda se trata del clásico lío dinástico. Y es bien sabido que cuando se tira del hilo siempre acaba por salir el ovillo así que si la monarquía llega a instaurarse en Galicia nunca más habrá regatas

Hardware

Supongo que eso no es una crítica velada de la monarquía

Software

En absoluto profesor Hardware. Se trata de una alusión explícita a la táctica antideportiva de los remeros de su universidad

Hardware

Bueno, ya estamos...

Software

Ni estamos ni dejamos de estar, esta es la clave del asunto cuando se habla de política

Hardware

¿Acaso insinúa que estar presente y ausente al mismo tiempo es posible?

Software

Le rogaría que no entrara en descalificaciones personales

Hardware

(Cortando) Pues entonces demuéstreme ya que se puede estar ausente estando presente y viceversa... o no... o cálese de una vez!

Software

Fíjese bien si esto es tan posible que los remeros de su universidad en la última regata, aún estando todos presentes, hicieron lo mismo que si no hubiera estado nadie.

Hardware

Touché.

MARI CASTAÑA

Moitísimas gracias... Sei que teñen que saír agora mesmo para un congreso universal sobre... hidrodinámica aplicada... nas embarcacións de remo...

SÚPER CARBALLO

Perdoa, Cas, pero parece que no Lalín 2000 hai novidades...

CASTROMIL

Atención Evax. Temos un problema. Cambio

EVAX

Adiante lalín 2000. ¿Cal é problema? Cambio

CASTROMIL

Segundo a nosa carta de navegación deberíamos estar entrando na vía rápida de Monte Medulio, e aquí non hai máis que antiguallas de telecomunicacións. Cambio

EVAX

Non se precipite, Capitán. O que ten que dicir onde están son eu. Cambio

CASTROMIL

Vale, está ben, dacordo. Dígame vostede onde estamos. Cambio

EVAX

Si, bueno, aquí EVAX 1. Debo comunicarlle, capitán, que simplemente non están. Cambio

CASTROMIL

¿Cómo que non estamos? Brújula está, Froilán está e Segundo..., estaba ata hai un momento. Así que estamos todos. ¿Estamos? Cambio

EVAX

Non digo que non estean onde queira que estean, pero onde é seguro que non están é na pantalla de seguimento da EVAX 1. Cambio

CASTROMIL

¡¡¡¡AAAhhhhhhhh!!!! Xa podes ir contando os minutos que faltan para que eu che diga en persoa quen vai deixar de estar. Cambio

EVAX

Ben, creo que eses minutos vounos contar desde a miña casa, porque son as 10 da noite e xa rematou a miña xornada laboral. Cambio e corto.

CASTROMIL

¿As 10 da noite? Pero se é día alto e vese a Terra toda despexada. A VER Brújula, ¿ti que hora tes?

BRÚXULA

As 14,30 Greenwich Meridian Time. Pero o Xacobímetro marca 2004 Capitán.

CASTROMIL

¡Xa me cheiraba a min! ¡Estame entrando unha fame!

BRÚXULA

Se quere ir máis rápido colla vostede o mando, capitán, que eu estou sentindo unhas contraccións e voume deitar un pouco.

FROILÁN

Eu tamén estou notando algunhas contradiccións. Espero que non lle afecten ao meu estado. [Rise. Ou bábase]

CASTROMIL

Menos chistes aparvao. Na terra poderás ser rei, pero aquí aínda hai preferencias, e eu aínda son o capitán. E ti Brúxula, non te preocupes, xa collo eu o mando, pero nada de deitarse. ¡Todos aos seus postos! Imos comezar as manobras de aproximación e aterraxe.

TODOS.

¡Beeen! ¡Terrá, terrá, terrá...! ¡Ai ho, Ai ho, Nós ímonos clonar!

CAPITAN CASTROMIL

¡Silencio! Para poder clonarnos temos que aterrar. A ver ¿Sistema de anclaxe?

TODOS

¡Sistema de anclaxe activado!

CAP. CASTROMIL

¿Motor de apagado?

TODOS

¡¡Motor de apagado acendido!! [Risas]

CAP. CASTROMIL

¿Estarter?

TODOS

¡Estarter quieto! [Risas]

CAP. CASTROMIL
¡Retropropulsión toda!

TODOS
¡Retropropulsión toda!

BRÚXULA
¡Nooooon! O sistema de retropropulsión non responde Capitán.
¿Qué facemos?

CAP. CASTROMIL
Non te apures Bruxula. Faremos un aterraxe de emerxencia. No descampado do Obradoiro hai espacio abondo.

BRÚXULA
Estou dacordo Capitán. ¿Pero onde está o descampado? ¿Non debería estar aí xa? ¿Qué fai aí esa igrexa? É a Catedral de Santiago... Peroperopero ¿Non estaba en ruínas?

FROILÁN
Pois é certo, foi destruída no Xacobeo do ano 2004 din que por un meteorito.

BRÚXULA
¿Cómo? ¿No Xacobeo 2004?

CASTROMIL
¡Cagoentodo... atendede aos mandos! ¡imos dereitos contra as torres!

TODOS
¡¡¡¡AAAAAHHHHH!!!!

NARRADORES

¿Era realmente curvo o universo? ¿É isto un final trágico? ¿Corre algún perigo o Plan Leticia? ¿Qué será do Xacobeo sen a catedral? ¿A monarquía borclónica morreu antes de nacer? ¿Cómo se adaptará o eterno a esta nova situación? ¿Será hora de buscar un suceclon? ¿Será reutilizable o ADN de Froilán recuperado despois do accidente?

DISCURSO FINAL DE FRAGOILÁN

“Galegos e galegas:

Galicia construiu ao longo dos séculos un soño de eternidade, plantando a semente dun novo espírito, universal e trascendente. Neste momento tan importante no que o destino da nosa terra deu este xiro tan fundamental, eu, borclónico coma ti, póño-me ao mando desta nova época.

O espacio, curvo ou non, é meu.

Que pasen os antidisturbios. E punto. Non teño máis que dicir.

Ah si. Non penso morrer.